



Curso “O terapeuta centrado no erro. Estratexias para optimizar os resultados en psicoterapia”

DOCENTE

Antonio Olives Alonso (G-2692).

ORGANIZA

Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial e Psicoloxía de Galicia.

COORDINAN

Marta Millares Otero (G-6868) e Paula Marcos Carregal (G-5704).

DURACIÓN

8 horas.

DATA E HORARIO

Sábado, 4 de outubro de 2025.
De 10:00 a 14:00 horas e de 15:30 a 19:30 horas.

MODALIDADE

Presencial e online.

PRAZAS

20 prazas na modalidade presencial, no salón de actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
20 prazas na modalidade online, a través da plataforma Moodle e Zoom.

PREZOS

Membros da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, Psicólogos/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grao, master ou doutoramento de psicoloxía.....18,00€
Psicólogos/as colexiados/as.....36,00€
Psicólogos/as non colexiados/.....72,00€

*Neste curso podes optar ás 4 prazas gratuítas para colexiadas e colexiados desempregados. Bases no seguinte no seguinte enlace:
https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_a_formacion_para_colexiados.pdf

En trámite a solicitude de acreditación como actividade de formación continuada do Sistema Nacional de Saúde



Curso “O terapeuta centrado no erro. Estratexias para optimizar os resultados en psicoterapia”

PROGRAMA

1. **Eficacia da psicoterapia.**
 - É a psicoterapia eficaz?
 - Os “peros”.
 - A psicoterapia pode facer dano?
2. **Que fai que a psicoterapia funcione?**
 - Modelo médico.
 - Modelo contextual.
 - Hipótese diferencial.
3. **Relacións terapéuticas que funcionan.**
 - Alianza terapéutica.
 - Xeración de expectativas.
 - Acordo de obxectivos.
 - Feedback.
4. **Adestramento do terapeuta.**
 - Experiencia.
 - Formación continua.
 - Supervisión.
 - A práctica deliberada.
5. **Ferramentas para unha psicoterapia máis eficaz.**
 - PCOMS.
 - FISS.
 - Xeración de cultura de feedback.
 - Toma de decisións.
6. **Práctica.**
 - Rol-playing (e discusión).
7. **A teoría do cambio do cliente.**
 - Establecemento do vínculo.
 - A teoría sobre o problema.
 - A teoría sobre como se solucionan problemas.
 - Os obxectivos.
 - A teoría sobre o funcionamento da terapia.
 - A teoría sobre o papel do terapeuta.

OBXECTIVOS

Desenvolver estratexias para establecer fortes alianzas terapéuticas e optimizar os resultados en psicoterapia.



Curso “O terapeuta centrado no erro. Estratexias para optimizar os resultados en psicoterapia”

METODOLOXÍA

Combinarase a exposición teórica coa exposición de datos e exemplificación de casos prácticos coa práctica de distintas habilidades. Realizarase demostración práctica a través de rol-playing de casos simulados por parte do docente e os asistentes practicarán as habilidades do mesmo xeito.

DOCENTE

ANTONIO OLIVES ALONSO (G-2692).

Traballa na práctica privada desde o ano 2007. Estivo vinculado á intervención familiar con menores en situación de risco, primeiro no Equipo de Integración Familiar de Ourense entre os anos 2009 e 2011 e como terapeuta do Programa de Avaliación e Tratamento Terapéutico de Menores en Situación de Desamparo da Xunta de Galicia entre os anos 2012 e 2022. É membro na Unidade Venres Clínicos da Universidade de Santiago de Compostela desde o ano 2011 ata a actualidade, onde realiza labores de terapeuta e supervisor/formador de profesionais de psicoloxía.

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES02 0081 0499 6500 0227 8629 de SABADELL ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os psicólogos e psicólogas membros da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual e informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual ou informe períodos de inscrición. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Último día de inscrición: 24 de setembro de 2025.